

AEDIGAL
IN-RED
CIG
UGT
CCOO

O 28 de xullo de 2025 reúnense representantes das 3 organizacións sindicais (CIG, UGT e CCOO) e representantes das asociacións empresariais AEDIGAL e IN-RED. Tras un intenso debate no que se aborda a situación do sector de atención á persoas con discapacidade en Galicia, queren deixar constancia do seguinte:

Expresar conxuntamente a preocupación en relación ao financiamento dos custes salariais e a necesidade do incremento salarial, así como a captación de persoal no sector, propoñendo solucións e solicitando o compromiso da Administración autonómica.

Patronais e sindicatos coincidimos en que é urgente dar unha resposta ás seguintes necesidades do sector: dignificar os salarios das persoas traballadoras; garantir retribucións más próximas á realidade autonómica; reducir a crónica rotación de persoal; afianzar e captar profesionais para dar estabilidade ao servizo; crear un marco salarial autonómico estable para as entidades do sector no marco do concerto social da discapacidade.

No caso específico de Galicia, o importes das novas táboas salariais que establece o Convenio estatal quedan moi lonxe das táboas que aplica a mesma Xunta de Galicia nos centros de atención á discapacidade que son de súa titularidade.

Finalmente, os centros sen ánimo de lucro de atención á discapacidade teñen cada vez máis dificultade para atopar persoal cualificado. Á hora de recrutar persoal, o sector sofre a competencia doutros actores, como a Administración autonómica e grandes corporacións do ámbito da dependencia, que poden garantir mellores condicións de traballo, en termos de salarios más elevados e incentivos. Para atallar o problema cada vez máis preocupante da falta de persoal no sector da discapacidade en Galicia, é fundamental subir as retribucións do persoal. Doutra forma, os centros non poderán seguir ofrecendo un servizo de calidade e cumplir cos requisitos que establece o concerto social.

The image shows five handwritten signatures in blue ink, each accompanied by the name of the organization it represents. From left to right: 1. IN-RED, with a signature that looks like 'Gómez' or 'Góme' over 'IN-RED'. 2. AEDIGAL, with a signature that looks like 'AEDIGAL' over 'AEDIGAL'. 3. CCOO, with a signature that looks like 'Fernández' over 'CCOO'. 4. UGT, with a signature that looks like 'Ortega' over 'UGT'. 5. CIG, with a signature that looks like 'Fernández' over 'CIG'.

Demandamos da Xunta de Galicia:

1. O cumprimento do **compromiso de financiamento da totalidade dos incrementos salariais establecidos no XVI Convenio estatal da discapacidade para o período 2025-2027** e concreto o pagamento ás entidades, en cumprimento do artigo 35 da convocatoria do Concerto social.
2. Que se constitúa un **espazo de comunicación permanente** entre a Xunta de Galicia, as patronais e os sindicatos más representativos do sector, co obxectivo de estudar a **creación dun complemento salarial autonómico** e a modalidade de financiamento por parte do Goberno autonómico, todo elo sen prexuízo de avanzar cara a unha negociación colectiva autonómica doutras materias, se se deran as bases necesarias.

O que asinamos en conformidade todos os presentes, en Santiago de Compostela.

The image shows five handwritten signatures in blue ink, each associated with a specific organization:

- A signature above the text "PEDEGAL".
- A signature below the text "UGT".
- A signature below the text "C.N.-REB".
- A signature above the text "CCOO".
- A signature below the text "G.G".